

## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 30 de maio de 2019

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 30/05/2019
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 30/05/2019
- III. Memoria económica do ano 2018
- IV. Orzamento para o ano 2019
- V. Memorias iniciais de Modificación dos Títulos de Grao e Anexos (Competencias-Materias):
  - a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
  - b. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- VI. Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:
  - a. Rexistros R1 e R2 do Procedemento PE01 P1 Xestión do Persoal
  - b. Rexistros R1 e R2 do Procedemento DO0205 P1 Xestión da Mobilidade

Ábrese a sesión ás 12 horas e 6 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

### 1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, ordinaria celebrada o 19 de febreiro de 2019 e extraordinaria celebrada o 11 de marzo de 2019.**

Os borradores das actas enviáronse por correo electrónico xunto coa convocatoria; na primeira detectouse un erro na composición da Comisión de Elaboración da proposta de modificación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas que xa se emendou.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, as actas de ambas sesións; estas serán publicadas na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

### 2. **Informe da Directora**

A Directora informa sobre as seguintes cuestións.

## 2.1. Actividades de representación

- 6 de marzo. Asistencia da Directora e Teresa Rivas (Enlace de Igualdade do centro) ao Acto de celebración do Día Internacional das Mulleres, organizado por la UVIGO.
- 14 de marzo. Asistencia da Directora aos actos conmemorativos do 40 aniversario do “Ilustre Colegio Oficial de Geólogos de España” na Cidade da Cultura.
- 15 de marzo. Asistencia da Directora en Santiago á entrega dos “VI Premios Galicia Energía”, acto organizado pola “Asociación de Ingenieros Industriales de Galicia”.
- 15 de marzo. Recepción e visita ao centro da “Directora General de Investigación, Desarrollo e Innovación” do “Ministerio de Ciencia, Educación y Universidades”. Agradécese a colaboración no desenvolvemento da visita do persoal dos grupos de investigación “Geotecnoloxías Aplicadas” e “Explotación de Minas”.
- 3 de abril. Asistencia da Directora á presentación de alumnado e titores/as do Programa STEMBACH do IES A Sangriña (A Guarda) na UVIGO, actividade coordinada na UVIGO por Emilio Fernández e na que participa a profesora do centro Ángeles Saavedra como titora (<https://www.farodevigo.es/galicia/2019/20/04/04/alumnos-stembach-ies-sangrina-estrenan/2081789.html>). A Directora informa de que o centro ofertou titores/as a 5 IES para a súa incorporación no desenvolvemento do programa no curso seguinte. Tamén sinala que se considera moi interesante a posibilidade de organizar e ofertar formación para profesorado de ESO, Bacharelato e FP dende o centro.

## 2.2. Reunións e actividades de traballo

- 25 de febreiro: Asistencia de Iago Pozo como responsable de Relacións Internacionais do centro á sesión informativa convocada pola Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, para informar sobre convocatorias e estratexias de cooperación que se están a desenvolver na UVIGO.
- 5 de marzo. Reunión da Directora e María Araújo con María Baqueiro para a organización das “Xornadas da Auga en Ambientes Urbanos”.
- 13 de marzo. Reunión da Directora con representantes do “Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos de Minas” (COITM).
- 14 de marzo. Reunión da Directora con representantes do “Colegio Oficial de Ingenieros de Minas del Noroeste” (COIMNE).
- 5 de abril. Reunión da Directora co Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado e co Director de Área de Estudos de Grado para información sobre o proceso de modificación das titulacións do centro.
- 9 de abril. Asistencia da Directora á reunión convocada polo Reitor. Informouse das posibilidades e condicións para participar no programa para impartir o 80% dos créditos dalgunha das titulacións de grao do centro en galego.
- 10 de abril. Reunión de Guillermo García, como Coordinador de Calidade do centro, con técnicos del Área de Calidade.

- 12 de abril. Asistencia de María Araújo en representación do centro ao “*Taller demostrativo: mercado de compensación de huella de carbono (TROCO II)*”, organizado pola Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa.
- 14 de abril. Asistencia de María Araújo en representación do centro á “*Xornada de Prevención de Residuos na minaría*” na Sede do Clúster do Granito e impartición da conferencia “*El papel de los titulados de minas en el sector residuos*”.
- 7 de maio: Asistencia de Iago Pozo como responsable de Relacións Internacionais do centro a sesión informativa organizada pola ORI. Informouse do protocolo para a aceptación, preparación do plano de estudos, etc... do estudantado seleccionado para o curso 2019-2020.

### 2.3. Normalización Lingüística

3 de abril. Reunión da CNL. Invitouse a Fernando Ramallo, Director da Área de Normalización Lingüística (ANL) da Universidade a participar na sesión. O Director da ANL informou sobre a posibilidade de participar no programa para impartir 80% de docencia en galego. Para valorar adecuadamente as posibilidades do centro de participar, acordouse solicitar ao profesorado do centro información sobre o uso do galego na docencia. Hai un informe realizado pola CNL do centro no ano 2016 sobre a diagnose sobre o uso do galego no centro, pero o informe non recolle a información relativa ao uso do galego na docencia, que é básica para coñecer a situación actual.

Agradécese as persoas participantes na CNL o traballo desenvolvido neste período: Paulo Cabral Pereira, Lucía Díaz Vilariño, Gonzalo Méndez Martínez, Teresa Rivas Brea e Alejandro Casal Barreiro.

### 2.4. Igualdade

Teresa Rivas, en calidade de Enlace de Igualdade do centro presentou unha solicitude de financiación para realización de actividades que contribúan á sensibilización en materia de xénero e a transmisión de valores igualitarios (convocatoria da UVIGO). A convocatoria xa se resolveu e concedéronse 950 €.

Organizouse a primeira edición do concurso de fotografía MULLE.Rme, pioneiro na UVIGO. O concurso concibiuse co obxectivo de facer visible, a través da fotografía, a participación das mulleres en actividades relacionadas coa profesión de enxeñaría de minas e enerxía. Presentáronse un total de 20 fotos e as ganadoras do concurso foron:

- Primeiro Premio: Ana García
- Segundo Premio: Tania Cotelo Vila
- Terceiro Premio: Nuria Pereira Pinto

A información relativa ao desenvolvemento do concurso, bases e fotografías participantes e gañadoras está dispoñible na Web do centro e no vestíbulo do centro.

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/divulgacion/dia-internacional-das-mulleres>.  
(<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/galeria-de-imaxes>)

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/imaxes-que-rachan-cos-estereotipos-xenero-enxenaria-minas-enerxia>

A entrega dos premios e a exposición das fotos realizouse o día 8 de marzo nun acto organizado no centro. Agradécese aos membros do xurado a súa colaboración: Ánxeles Saavedra e Pablo Eguía, profesores dos graos da Escola; María del Carmen Romo, membro do PAS da Escola, Xurxo Rigueira e Jesús Rico, alumnos da Escola, Marta García Brea, fotógrafa profesional e Teresa Rivas, enlace de Igualdade da Escola.

Agradécese a Teresa Rivas e Iago Pozo o traballo realizado tanto no desenvolvemento do concurso e na organización do acto.

## 2.5. Mobilidade e Internacionalización

Promovéronse e asináronse convenios coas seguintes universidades, que constitúen o marco de mobilidade de profesorado, alumnado de grao e máster, e PAS.

- Firma de convenio con Dicle University (Turquía)
- Firma de convenio con el Politecnico de Turín (Italia)
- Firma de convenio con Karlsatad Unversity (Suecia)

Agradécese a labor realizada por Iago Pozo, como responsable de RRII do centro.

## 2.6. Programa de Mentorización MEET

Coa finalización das clases concluíu tamén o programa de mentorización da Escola correspondente ao curso 2018-19. O programa completouse sen incidentes destacables, dando por concluído o programa de acollida do alumnado de novo ingreso e a formación en “soft-skills” que eran os dous principais obxectivos marcados no programa. Durante este mes de maio abriuse o prazo para que o alumnado interesado en incorporarse á formación de novos mentores/as puidese solicitalo. Esta formación está financiada pola Universidade de Vigo e nela participa alumnado de sete graos:

- Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Enxeñaría da Enerxía
- Enxeñaría de Tecnoloxías da Telecomunicación
- Linguas Estranxeiras
- Química
- Economía
- Ciencias do Mar

A formación comeza o próximo día 3 de xuño e conclúe o día 6 de setembro. O lugar de formación vaise rotando. Nesta ocasión o grupo da Escola terá a súa formación na Facultade de Química.

Agradécese as persoas coordinadoras do MEET (Ángeles Saavedra, Itzjár Goicoechea e Eduardo Liz) a actividade desenvolta. E agradécese especialmente as persoas mentoras o labor realizado durante este curso:

- Álvaro Pérez Azcárraga
- Carmen Filgueira Sánchez

- Daniel Pernas Rodríguez
- Hugo Fernández Oliveira
- Juan Jesús Rico Fuentes
- Laura Andrés Herguedas
- Nuria Antonio Fontán
- Santiago Domínguez Blanco
- Víctor Manuel Reza Villanueva
- Alejandro Casal Barreiro.

## **2.7. Actividades organizadas polo centro**

### **2.7.1 Curso MATLAB**

Os días 5, 6 e 12 de marzo impartíuse un Curso de MATLAB, dirixido aos estudantes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (MUEM).

### **2.7.2 Charla COIMNE**

14 de marzo. Charla sobre as saídas profesionais e a profesión regulada da enxeñaría de minas, impartida por Juan José Fernández, Decano do “Colegio Oficial de Ingenieros de Minas del NO”, dirixida ao alumnado do Máster en Enxeñaría de Minas.

### **2.7.3 Jornadas SIKA**

Os días 28 e 29 de marzo asistiron ás “Jornadas SIKA” 5 estudantes do Máster en Enxeñaría de Minas e 12 do Grao ERME nas instalacións da “Fundación Santa Bárbara” en León. O programa inclúe sesións teóricas e prácticas sobre equipamento e tecnoloxía de sostemento de escavacións. A empresa SIKA financiou a actividade, salvo o desprazamento que foi financiado polo centro.

Agradécese á empresa SIKA a organización e financiación da actividade e ao profesor Fernando Delgado a súa asistencia como profesor responsable por parte da Escola nas xornadas. Cabe sinalar que esta actividade se realiza de forma conxunta con alumnado das Escolas de Minas de Madrid, Oviedo e León.

### **2.7.4 Charla informativa sobre o Máster Universitario en Enxeñaría de Minas**

9 de abril. Sesión informativa sobre o Máster en Enxeñaría de Minas, impartida por María Araújo, dirixida ao alumnado de 3º e 4º cursos dos graos do centro. Impartírase outra charla antes da matrícula.

### **2.7.5 Charla Oposicións Enxeñeiros/as de Minas**

24 de abril. Charla impartida por Adrián Porto, egresado do centro, sobre as oposicións para acceder ao corpo de Enxeñeiros/as de Minas do Estado e a actividade dos enxeñeiros/as de minas na Función Pública.

### 2.7.6 Viaxe estudos Máster Enxeñaría Minas.

Do 19 ao 24 de maio realizouse a viaxe de estudos do alumnado do Máster en Enxeñaría de Minas (MUEM), no que visitaron as empresas Hullera vasco Leonesa, Acerinox, Cobre Las Cruces, Atlantic Copper, Abengoa e Atalaya Mining.

Agradécese as empresas a súa colaboración e á profesora Marta Cabeza o traballo realizado acompañando ao estudiantado durante unha semana.

## 2.8. Actividades de divulgación científica e oferta académica do centro

### 2.8.1 Elaboración de material

Enviouse á Área de Normalización Lingüística a relación de actividades de divulgación que se realizan habitualmente no centro en galego, para darlle visibilidade nos “XXI Encontros para a Normalización Lingüística”. Agradécese aos profesores Benito Vázquez e Iago Pozo a recompilación desta información.

Deseñáronse tres *rollers* para a actividade “Ciencia nas Rúas” e para a “Semana das Ciencias” de Ponteareas.

Nas seguintes táboas amósase a relación de actividades de divulgación e oferta académica do centro.

Agradécese o traballo das persoas participantes no desenvolvemento destas actividades e a Iago Pozo o traballo de coordinación.

### 2.8.2 Semana das Ciencias Ponteareas

Participación do profesor Benito Vázquez na Semana das Ciencias Ponteareas (1 ao 5 de abril de 2019), impartindo unha charla en la sesión inaugural da Semana.

Ademais, o centro participou en outra das actividades da Semana das Ciencias, a actividade “Ciencia nas rúas”, para o que se elaborou material novo e se deseñaron actividades específicas relativas ao valor das rochas, minerais e a enxeñaría da enerxía no ámbito da saúde. Agradécese o traballo realizado por Iago Pozo, Teresa Rivas, David Patiño e Lucía Nieto.

Actividade	Data	Centro	Tipo actividade	N. asistentes	Persoal EME
<b>Institutos visitan a EME: charlas divulgativas dos graos (solicitud de centro interesado ou a través do SIE)</b>	2019-02-19	Colegio Plurilingüe San José de la Guía (Vigo)	Charla divulgativa Graos- SIE	8	Enrique Alonso
	2019-02-25	IES DE TEIS (VIGO)		20	Iago Pozo
	2019-03-07	IES AS BARXAS		10	Iago Pozo
	2019-03-12	COLEXIO APOSTOL SANTIAGO		23	Iago Pozo
	2019-03-14	IES SANTO TOMÉ DE FREIXEIRO		28	Iago Pozo
	2019-03-21	COLEXIO AMOR DE DIOS		46	Iago Pozo
	2019-03-21	CPR SANTA CRISTINA		14	Iago Pozo
	2019-03-25	COLEXIO CEMAR - MARCOTE (Mondariz)		30	Iago Pozo
	2019-03-27	IES POLITÉCNICO		23	Lucía Nieto e Iván Garrido
	2019-04-03	IES BEADE		31	Iago Pozo
	2019-04-03	Divino Salvador		8	Iago Pozo
	2019-04-09	IES ANTÓN ALONSO RÍOS		21	Iago Pozo
	2019-04-09	IES VALADARES		70	Iago Pozo
	2019-04-11	COLEXIO MARCOTE (Vigo)		11	Iago Pozo
	2019-04-11	COLEXIO SAGRADO CORAZÓN (Pontevedra)		11	Iago Pozo
	2019-04-24	IES PORTO DO SON		42	Iago Pozo
	2019-04-24	IES CARLOS CASARES		15	Iago Pozo
	2019-04-24	IES ILLA DE TAMBO (Marín)		20	Enrique Alonso
	2019-05-03	CASTRO BRITISH SCHOOL		4	Iago Pozo
2019-05-03	COLEXIO BOUZA BREY	10	Iago Pozo		
2019-05-24	IES JOHAN CARBALLEIRA	5	Enrique Alonso		

Actividade	Data	Centro	Charla impartida	N. asistentes	Persoal da EME
Charlas monográficas e divulgativas realizadas nos centros IES	2019-02-20	IES PERDOURO (Burela)	Re-Física	33	Benito Vázquez
	2019-02-20	IES MONTE CASTELO (Burela)	Re-Física	50	Benito Vázquez
	2019-02-22	IES RICARDO MELLA (Vigo)	Minerais de Galicia/España	150	Iago Pozo
	2019-02-20	IES PINTOR COLMEIRO (Silleda)	Materiais intelixentes	25	Raúl Figueiroa
	2019-02-22	IES MANUEL CHAMOSO LAMAS (Carballiño)	Re-Física	70	Benito Vázquez
	2019-03-13	COLEXIO LA SALLE (Santiago de Compostela)	Re-Física	35	Benito Vázquez
	2019-03-21	IES DE POIO	Re-Física	32	Benito Vázquez
	2019-03-28	IES A XUNQUEIRA 2	Re-Física	60	Benito Vázquez
	2019-03-29	IES ANXEL FOLE	Re-Física	137	Benito Vázquez
	2019-04-02	CEIP ESCULTOR ACUÑA	INSPIRA	--	Luisa Álvarez
	2019-04-03	IES A PINGUELA (Monforte)	Re-Física	44	Benito Vázquez
	2019-04-05	IES RIBEIRA DO LOURO	Conservación do <i>street art</i>	32	Iago Pozo
	2019-04-10	IES VALADARES	Re-Física	70	Benito Vázquez
	2019-04-11	IES SALVATERRA DE MIÑO	Re-Física	17	Benito Vázquez
	2019-04-11	IES SALVATERRA DE MIÑO	Novos materiais	69	Raúl Figueroa
	2019-04-12	IES TERRA DE TRASANCOS (Narón)	Re-Física	70	Benito Vázquez
	2019-04-23	IES DE SOUTOMAIOR	Re-Física	26	Benito Vázquez
	2019-04-25	IES POLITÉCNICO DE VIGO	Re-Física	90	Benito Vázquez
	2019-04-26	IES ALEXANDRE BÓVEDA	Re-Física	61	Benito Vázquez
	2019-04-30	IES MENDIÑO (Redondela) *	Termografía aplicada	42	Iván Garrido
2019-05-10	COLEXIO MARIANO	Re-Física	58	Benito Vázquez	
2019-05-24	CPR SANTO TOMÁS	Re-Física	54	Benito Vázquez	



Actividade	Data	Centro	Descrición da actividade/charla	Número asistentes	Personal EME
Xornadas de Portas Abertas	2019-04-12	IES Valadares	Conservación do patrimonio construído Termografía infravermella Visita ao centro	70	Lucía Nieto Roi Otero Ernesto Frías Enrique Alonso Laura de Andrés
	2019-04-24	IES PORTO DO SON	Motores Conservación do patrimonio construído Mecánica de rochas Areiro Termografía infravermella	42	David Patiño Enrique Alonso Xian Estévez Jesús Balado Iván Garrido Roi Otero
Visitas Aula Aberta á Tecnociencia	2019-04-24	IES PORTO DO SON	Novos materiais	42	Raúl Figueroa
Participación na Feira de Orientación Universitaria	2019-02-27	EDUGAL <a href="https://www.farodevigo.es/portada-pontevedra/2019/02/28/edugal-abre-puertas-salon-imprescindible/2060032.html">https://www.farodevigo.es/portada-pontevedra/2019/02/28/edugal-abre-puertas-salon-imprescindible/2060032.html</a> <a href="http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/galeria-de-imaxes/edugal-2019">http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/galeria-de-imaxes/edugal-2019</a>	Feira de orientación	>300	Iago Pozo María Araújo Elena Alonso Lucía Nieto Enrique M. Alonso Raquel Pérez Orozco
	2019-04-04	Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional (A Coruña)	Charla sobre os graos		Elena Alonso
Obradoiro de minerais	2019-03-01	IES A Guía		9	Bienvenido Díez Ignacio Pérez
	2019-03-18	IES Mendiño (Redondela)		6	Ignacio Pérez
	2019-04-12	IES Valadares		70	Iván Garrido
	2019-05-03	IES Ricardo Mella (Vigo)			Ignacio Pérez

Exposición itinerante. Segundo exemplar para atender as solicitudes dos centros	2019-02-11	IES Sofía Casanova - Ferrol		
	2019-02-18	IES Ricardo Mella - Vigo		
	2019-02-25	IES Perdouro - Burela		
	2019-03-11	IES San Clemente - Santiago de Compostela		
	2019-03-20	IES Monte Castelo - Burela		
	2019-03-25	IES Milladoiro - Santiago de Compostela		
	2019-04-01	IES Ribeira do Louro - Porriño		
	2019-04-11	IES Salvaterra - Salvaterra de Minas		

Data	Centro	Actividade/Charla	Número	Persoal EME
2019-02-28	Feira de Minerais de Santiago de Compostela	Feira de Minerais	200	Iago Pozo Bienvenido Díez
2018-03-08	<b>MULLE.RME</b> <a href="https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/imaxes-que-rachan-cos-estereotipos-xenero-enxenaria-minas-enerxia">https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/imaxes-que-rachan-cos-estereotipos-xenero-enxenaria-minas-enerxia</a>	Concurso	17 fotos	Teresa Rivas e xurado
2019-04-03	<b>EME-PAKUXA</b> <a href="https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/20-diapositivas-20-segundos-oportunidade-destacar-improvisacion-oral">https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/20-diapositivas-20-segundos-oportunidade-destacar-improvisacion-oral</a>	Concurso de improvisación oral	4	Estudantes
2019-04-01	<b>Semana das Ciencias (Pontearreas)</b> . Lección inaugural	Conferencia		Benito Vázquez Dorrió
2019-04-05	<b>IV Feira ciencia nas rúas (Pontearreas)</b> <a href="http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/galeria-de-imaxes/ciencia-nas-ruas-pontearreas">http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/galeria-de-imaxes/ciencia-nas-ruas-pontearreas</a>	Stand e actividades manipulativas	>300	Iago Pozo Elena Alonso Lucía Nieto Teresa Rivas
2019-05-03	<b>Feira de minerais de Guláns-Pontearreas</b> <a href="https://www.farodevigo.es/comarcas/2019/05/01/gulans-celebra-feira-minerías-e/2096911.html">https://www.farodevigo.es/comarcas/2019/05/01/gulans-celebra-feira-minerías-e/2096911.html</a>	Feira de Minerais	250	Iago Pozo Iván Garrido
2019-05-12	<b>XEOLODÍA 2019</b> <a href="http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/galeria-de-imaxes/geolodia-2019">http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/galeria-de-imaxes/geolodia-2019</a> <a href="https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/preto-150-persoas-participaron-santa-trega-geolodia-19">https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/preto-150-persoas-participaron-santa-trega-geolodia-19</a>	Percorrido polo Monte Santa Trega	150	Bienvenido Díez (coordinador da actividade) Gonzalo Méndez Artai Santos Enrique Alonso Iago Pozo Elena Alonso Lucía Nieto Teresa Rivas
2019-05-22	<b>Pint of Science</b> <a href="https://pintofscience.es/event/nanopartulas-exoplanetas-y-otros-misterios">https://pintofscience.es/event/nanopartulas-exoplanetas-y-otros-misterios</a>	"Nanopartículas, exoplanetas y otros misterios"	260	Benito Vázquez

## **2.9. Información de procedementos administrativos e/ou académicos**

### **2.9.1 Solicitude axudas Consello Social**

En relación á solicitude realizada ao Consello Social de apoio económico para a realización do viaxe de estudos dos graos do centro, foi concedida a cantidade de 2600 € dos 3000 € solicitados.

Solicitouse unha axuda ao Consello Social para elaborar material de divulgación. O Consello Social concedeu 1427 €.

### **2.9.2 Solicitude ao COIMNE**

Plantexouse ao COIMNE a dotación de becas de axuda ao estudo para estudantes de novo ingreso no Máster en Enxeñaría de Minas. O COIMNE habilitará este ano, por primeira vez, unha convocatoria de axudas ao estudo para o estudiantado de novo ingreso no Máster en Enxeñaría de Minas na UVIGO consistente en dúas becas de 500 €/beca.

Tamén se solicitou unha axuda económica para a realización do viaxe de estudos do alumnado do Máster en Enxeñaría de Minas; o COIMNE concedeu unha axuda de 600 €.

### **2.9.3 Calidade**

Recibiuse o 1 de marzo a comunicación formal da Secretaría Xeral de Universidades coa resolución do Consello de Universidades, de 28 de xaneiro de 2019, na que estima a solicitude da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo e declara a acreditación institucional do Centro.

### **2.9.4 Docencia**

Desde a Área de Calidade solicitouse ao centro a remisión da información relativa aos méritos rexistrados para a súa inclusión no programa Docencia Anual. Enviárase a información o día 3 de xuño.

### **2.9.5 Realización enquisas satisfacción titulacións**

Está habilitado o prazo para realizar as enquisas de satisfacción das titulacións para estudantes de 3er curso de graos e alumnado de titulacións de máster (calquera curso), así como para o colectivo do profesorado.

### **2.9.6 Calendario escolar e calendario de matrícula máster**

Aprobouse en Consello de Goberno o calendario escolar, marcando o comezo de actividades docentes o día 9 de setembro. Como novidade cabe sinalar que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pasou a xullo a convocatoria de setembro das probas de acceso á Universidade.

Recibiuse o calendario de preinscrición de matrícula para titulacións de máster na Universidade, en termos similares aos de cursos anteriores: tres prazos de preinscrición e matrícula.

### **2.9.7 Redución número de prazas novo ingreso no Máster en Enxeñaría de Minas**

Desde a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional trasladouse á Universidade a conveniencia de reducir o número de prazas de novo ingreso ofertadas en determinadas titulacións. En particular para o Máster en Enxeñaría de Minas, desde a Comisión Académica do Máster, fíxose a proposta de modificar o número de prazas de 40 a 25. A día de hoxe está pendente a publicación do Decreto polo que se modifica o número de prazas ofertadas para o curso 2019/20.

### **2.9.8 Actualización estrutura Web do centro**

Se habilitaron espazos na Web con información sobre:

- Semana da Ciencia (edicións anteriores)
- Normalización Lingüística
- Espazo Colección Minerais
- Tríptico Aula Aberta Tecnociencia.

## **2.10. Persoas egresadas**

### **2.10.1 Participación en Inspira STEAM**

A Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria puxo en marcha o programa INSPIRA STEAM, co obxectivo de facer visible entre o alumnado de primaria referentes de mulleres que traballen en ámbitos STEAM (Science, Technology, Engineering, Arts and Maths). No programa participan como mentoras as egresadas do centro Luisa Álvarez Zaragoza e Jessica Piñeiro.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/tituladas-universidade-ahora-formadas-inspirar-cientificas-tecnologas-futuro>

### **2.10.2 Auditorías enerxéticas Graduados/as EE**

Elaborouse e remitiuse a Secretaría Xeral e ao INEGA unha certificación conforme na titulación do Grao EE proporcionáronse os coñecementos académicos que se axustan aos requisitos para exercer como Auditor/a Enerxético/a.

### **2.10.3 Titulacións esixibles para impartir especialidades en ESO, BACH, FP**

O 16 de abril solicitouse, a través do procedemento habilitado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a inclusión dos Graos en EE e ERME e as titulacións LRU de Enxeñaría de Minas como titulacións que habilitan para impartir especialidades en ensinanzas de ESO, Bacharelato e FP. Estase pendente da resolución á solicitude presentada.

### **2.10.4 Postos traballo nas AAPP para Enxeñeiro/as de Minas**

Enviouse, a petición do COIMNE, a relación de competencias das persoas egresadas do MUEM, co obxecto de actualizar a información nas RPT das Administracións Públicas.

## 2.11. Actividades desenvolvidas polos membros da comunidade universitaria do centro

### 2.11.1 Foro Tecnolóxico de Emprego

Os días 13, 14 e 15 de marzo celebrouse o Foro Tecnolóxico de Emprego, participando na organización do mesmo alumnado dos tres centros do ámbito tecnolóxico do campus.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi>

Agradécese o traballo desenvolvido polo alumnado do centro que participou na organización do evento, especialmente aos coordinadores Daniel Pernas e Laura Andrés.

### 2.11.2 Delegación de Alumnado

A Delegación de Alumnado segue organizando charlas no centro:

- 20 febreiro. “*Novedades y Tendencias en Robótica Industrial y no Industrial*”, impartida por Ignacio Armesto.
- 10 abril. “*Sostenibilidad en el sector de los áridos: Oportunidades de mejora*”, a cargo de Luisa Álvarez Zaragorza.
- 20 de abril. “*Estudio del riesgo de desprendimiento en Chandebrito*”, impartida por Leandro Alejano.

Agradécese o traballo desenvolvido pola Delegación de Alumnado na organización de estas actividades, así como a participación do profesorado na impartición das conferencias.

### 2.11.3 Olimpíada de Minas e Enerxía

Os días 21, 22, 23 e 24 de marzo o Club Deportivo de Minas e Enerxía organizou a primeira edición da Olimpíada de Minas e Enerxía, evento deportivo no que participou alumnado da *Escuela de Ingeniería de Minas y Energía de la UPM* e da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da UVIGO, reunindo a 150 estudantes no evento.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/olimpiada-minas-reune-campus-150-estudiantes>

Agradécese o traballo desenvolvido polo alumnado do centro que participou na organización do evento, especialmente aos coordinadores Carlos Gómez e Carlos Landín.

### 2.11.4 Participación no Cartel de Minas

Do 25 ao 28 de abril participaron 18 estudantes do centro no *Cartel des Mines* celebrado en Albi (46ª edición) <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/vigo-representada-cartel-minas-que-celebra-albi>

Agradécese ao alumnado a participación no evento e a representación no nome do centro e a Alicia Caamaño o seu labor de coordinación na UVIGO.

### 2.11.5 Recepción de estudantes estranxeiros no centro

O día 23 de maio visitaron o centro once estudantes e dous profesores da University of New Brunswick (Canadá); acompañados de Leandro Alejano, Ignacio Pérez e Xián Estévez visitaron os laboratorios de Mecánica de Rocas da Escola e acercáronse á Pena do Equilibrio en Ponteareas.

### 2.11.6 Participación en proxecto

O Grupo de Xeotecnoloxías Aplicadas da Universidade de Vigo participa no proxecto GOING –*Desarrollo de nuevas herramientas integradas IoT de Geolocalización Outdoor/INdoor para logística 4.0*-, un proxecto enmarcado no programa Conecta Peme 2018, liderado pola empresa coruñesa Rotogal. A reunión de lanzamento do proxecto, financiado con 700.000 €, dos cales 367.000 € corresponden a unha subvención da Axencia Galega de Innovación –GAIN-, tivo lugar o 19 de febreiro na Cidade Tecnolóxica de Vigo e nela participaron representantes de todos os socios do consorcio: as empresas *Sistemas Audiovisuales Itelsis SL* e a spin-off da Universidade de Vigo *Ingeniería Insitu*, ademais do *Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG)* e o grupo de investigación de *Xeotecnoloxías Aplicadas da UVigo*.

O obxectivo do proxecto é un dispositivo de xeolocalización de contedores, capaz de realizar un seguimento continuo do produto tanto en interiores como en exteriores e que, ao tempo, sexa quen de achegar información en tempo real sobre diferentes parámetros de interese (humidade, temperatura, etc.)

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/universidade-participacion-dun-innovador-dispositivo-xeolocalizacion-contedores>

### 2.11.7 Participación en proxecto

Celebrouse na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da UVIGO a reunión de peche do proxecto de investigación Sirep –*Sistema intelixente de retención electrostática de partículas*-, un traballo liderado pola empresa viguesa Dinak, punteira no sector das chemineas, e no que participou o Grupo de Tecnoloxías Enerxéticas da Universidade de Vigo, que prestou apoio e asesoramento no desenvolvemento da tecnoloxía vinculada aos procesos requiridos para o desenvolvemento do prototipo final do proxecto.

O obxectivo fundamental deste traballo, posto en marcha en febreiro de 2016, era identificar, deseñar, modelar e desenvolver un prototipo de filtrado e retención de partículas óptimo, baseado en tecnoloxía electrostática (ESP, *ElectroStatic Precipitators*) a aplicar en caldeiras de biomasa de baixa potencia. En palabras de David Patiño, investigador do grupo GTE e subdirector da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, “O sistema de filtros electrostáticos para retención de partículas non é algo novo no mercado, de feito, é unha tecnoloxía coñecida e cunha alta difusión industrial, pero que, ata o momento, non se emprega en instalacións de pequena potencia debido a cuestións económicas. O reto deste traballo era tratar de escalar eses equipamentos a instalacións pequenas cunha economía de escala, é dicir, a baixo custe, tanto desenvolvendo a parte mecánica como a eléctrica, relacionada coa fonte de alta tensión”.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/universidade-participa-nun-proxecto-que-consegue-reducir-impacto-ambiental-caldeiras-domesticas>

## 2.12. Futuros eventos

3, 4 e 5 de xuño. Viaxe de estudos do alumnado dos Graos do centro a Asturias.

19 de xuño. Xornadas de Portas Abertas no Centro.

Setembro. Xornadas *Jóvenes Nucleares*.

Outubro. Xornadas *ThermoFlow*.

Outubro. Xornadas da Auga en Ambientes Urbanos.

### 3. Aprobación, se procede, das instrucións relativas ao recoñecemento dos créditos optativos dos Graos impartidos na EEME por outras actividades.

No relativo ao recoñecemento de créditos as memorias de verificación actuais dos Graos impartidos na EEME sinalan que *“Cualquier reconocimiento de créditos fuera de lo especificado anteriormente (formación básica) y lo que, en su momento, se acuerde para estudios de grado cursados en otras Escuelas de Ingeniería de Minas, es responsabilidad de la Comisión Permanente, delegada de la Junta de Escuela”*.

A proposta da dirección é aprobar o seguinte procedemento de recoñecemento de créditos optativos xerais de 4º curso dos citados graos:

- a) Poderán recoñecerse créditos optativos por Prácticas Académicas Externas, ata un máximo de 12. Este recoñecemento deberá ser en bloque de 6 ou 12 créditos, segundo a duración das prácticas, atendendo ao recollido no “Procedemento para o desenvolvemento das prácticas académicas externas” desta Escola.
- b) En relación a outras actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación será de aplicación a normativa propia da Universidade de Vigo que está en vigor neste momento (acordo do Consello de Goberno do 10 de outubro de 2016) e non a normativa á que fan referencia as memorias. Poderán recoñecerse ata un máximo de 6 créditos optativos.
- c) O número máximo de créditos optativos xerais que poderán recoñecerse polos apartados anteriores será de 12.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta.

### 4. Nomeamento, se procede, dos coordinadores para o curso académico 2019-2020.

A proposta do persoal coordinador presentada pola dirección para o curso 2019-2020 é a seguinte:

<b>Grao en Enxeñaría da Enerxía</b>	David Patiño Vilas
<b>Grao en Enxeñaría dos Recursos Enerxéticos e Mineiros</b>	María Araújo Fernández
<b>Máster Universitario en Enxeñaría de Minas</b>	Elena Alonso Prieto
<b>Máster Universitario en Xeoinformática</b>	Pedro Arias Sánchez
<b>1º Curso Graos</b>	Elena González Rodríguez
<b>2º Curso Graos</b>	Eduardo Giráldez Pérez
<b>3º e 4º Curso Grao EE</b>	Pablo Eguía Oller
<b>3º e 4º Curso Grao ERME</b>	Fernando García Bastante
<b>Prácticas Externas do centro</b>	Javier Taboada Castro
<b>1º Curso Máster Enxeñaría Minas</b>	Teresa Rivas Brea



<b>2º Curso Máster Enxeñaría Minas</b>	Marta Cabeza Simó
<b>Calidade Máster Enxeñaría Minas</b>	María Araújo Fernández
<b>Programa MEET</b>	Ángeles Saavedra González
	Itziar Goicoechea Castaño
	Eduardo Liz Marzán
<b>Actividades de Divulgación do centro</b>	José Santiago Pozo Antonio
<b>Calidade do centro</b>	Guillermo García Lomba
<b>Igualdade</b>	Teresa Rivas Brea
<b>PIUNE</b>	Ángeles Saavedra González

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

## **5. Aprobación, se procede, da solicitude de modificación da adscrición do Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural ao centro.**

A Directora explica que o Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural foi plantexado, inicialmente, de forma conxunta entre profesorado da EEME e profesorado da Facultade de Historia de Ourense (2011), polo que foi adscrita aos dous centros. Posteriormente sufriu unha modificación importante na que foi suprimido o módulo correspondente ao profesorado deste centro; de feito, na actualidade soamente participan de forma puntual dúas profesoras. A pesar disto, e de que toda a xestión do título se fai na Facultade de Historia, a EEME continúa figurando como centro de adscrición na memoria de verificación. Por todo isto, a dirección propón acordar a retirada de dita adscrición, dado que o centro non participa de ningún xeito na xestión do título.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a modificación da adscrición ao centro do Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, de xeito que dito mestrado deixa de estar adscrito á EE de Minas e Enerxía.

## **6. Aprobación, se procede, da memoria económica do ano 2018.**

A Directora cede a palabra a David Patiño, Subdirector de Infraestruturas e Asuntos Económicos, que explica que a memoria económica simplemente trata de recoller os cambios efectuados no transcurso do ano con respecto as previsións do orzamento; comenta que é moi similar ao dos anos anteriores, indica como está feita a desagregación por partidas e salienta os gastos máis relevantes.

Carmen Pérez pregunta si os aforros en gasóleo revértense ao centro. David Patiño responde que ao centralizar estes gastos chegouse ao acordo de que se revertan os remanentes aos centros.

A Xunta de Escola aproba a memoria económica por asentimento.

## 7. Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2019.

A Directora cede a palabra a David Patiño, Subdirector de Infraestruturas e Asuntos Económicos, que comenta que a proposta está baseada no orzamento do ano anterior e constitúe o punto de partida para o funcionamento anual xa que, ao longo do ano, se poden cambiar cantidades entre partidas. Aclara que houbo unha redución do 5% no orzamento do centro con respecto ao ano anterior e que isto repercutiu no reparto por áreas da partida de funxible.

Por último, engade que se recibiu a partida de dotación de laboratorios e que vaise abrir o proceso para que as persoas responsables das materias ou laboratorios envíen as súas propostas nuns 15 ou 20 días. No caso de que sexa necesario procederíase a facer unha priorización das solicitudes.

A Xunta de Escola aproba o orzamento por asentimento.

## 8. Aprobación, se procede, das memorias provisionais da modificación do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

A Directora explica que aínda que a proposta consiste nun plantexamento integral da modificación dos graos e o mestrado na que xa traballaron as 3 comisións, decidiuse que é máis axeitado aprazar un ano a modificación da memoria do mestrado. A continuación expón as principais ideas do traballo realizado nas comisións e das memorias propostas para a modificación dos dous graos.

- En primeiro termo sinala que se plantexaron os seguintes obxectivos de modificación das titulacións:
  1. Integrar os resultados da análise de datos dispoñibles (informes SGIC, información empresas, persoas egresadas, alumnado, PDI)
  2. Facer un plantexamento da formación integral Grao-Máster e axustar e reorganizar contidos nos plans de estudos
  3. Revisar o acceso das persoas egresadas do Grao en EE ao Máster en Enxeñaría Industrial
  4. Obter o *Selo EURACE* para as tres titulacións no futuro
- En segundo lugar, procedeuse a revisar a información dispoñible:
  1. Recollida de información: persoas egresadas, entes empregadores e alumnado (por titulación). A Directora informa que se fixo unha consulta por email ás persoas egresadas de todas as titulacións (graos e máster), empregadores e alumnado. Preguntouse que aspectos se identificaban como puntos fortes e débiles e que suxestións propoñían para mellorar as titulacións. A Directora sinala que se recibiu unha cantidade importante de respostas, moitas de elas explicitando con detalle las respostas ás cuestións plantexadas.
  2. Revisión da información recollida nos informes do PAT
  3. Revisión dos resultados das enquisas de satisfacción das titulacións (alumnado, persoas egresadas, profesorado).

4. Revisión do contido das evidencias do SGIC relativas ao desenvolvemento das titulacións
  5. Revisión do programa *Selo EURACE* e condicións para a súa obtención
- Información dos procedementos do SGIC:
    1. Curso 2010/11 - Implantación dos graos
      - a) Modificación. Informe final (2014)
      - b) Renovación da Acreditación
        - (i) Autoinforme (EME-2015)
        - (ii) Informe de acreditación (ACSUG-2016)
      - c) Seguimento 2015/16
        - (i) Autoinforme (EME)
        - (ii) Informe de avaliación (UVIGO)
      - d) IRPD 2016/17 e Plan Melloras (EME)
    2. 2014/15. Implantación máster
      - a) Renovación da Acreditación
        - (i) Autoinforme (EME-2018)
        - (ii) Informe de acreditación (ACSUG-2018)
        - (iii) Plan de Melloras
      - b) Informes da Comisión de Coordinación de Contidos
  - No relativo ao contexto, cabe sinalar os aspectos máis relevantes a ter en conta para o deseño dos plans de estudos:
    1. Os actuais complementos de formación para as persoas egresadas do Grao EE para o acceso ao Máster en Enx. Industrial son os seguintes:
      - a) Expresión Gráfica: expresión gráfica (9)
      - b) Informática para a enxeñaría (6)
      - c) Fundamentos de automática (6)
      - d) Tecnoloxía electrónica (6)
      - e) Fundamentos de organización de empresas (6)
      - f) Fundamentos de sistemas e tecnoloxías de fabricación (6)
    2. Hai que ter en conta a aplicación da normativa estatal, autonómica e da Universidade de Vigo no relativo ao deseño de plans de estudos de grao (oferta máxima, optatividade, ECTS das materias) e outras específicas das titulacións (Orden CIN/306/2009 e créditos comúns ás dúas titulacións)
  - Unha vez analizada toda a información detallada nos parágrafos anteriores identificáronse os seguintes aspectos a mellorar:
    1. Grao en Enxeñaría da Enerxía:
      - a) Facilitar acceso ao Máster en Enxeñaría Industrial

- b) Problemas con determinadas actividades profesionais (auditorías enerxéticas, certificacións, etc...)
- c) Limitada formación en software CAD o similar, programación, electrónica, Excel, automática
- d) Intensificar docencia de carácter práctico
- e) Percepción da incoherencia da inclusión no plan de estudos de Xeoloxía, Mecánica de solos e Xeomática
- f) Intensificar a aplicación das actividades formativas ao ámbito da enerxía
- g) Reaxuste de contidos no relativo aos ámbitos de enxeñaría eléctrica e termodinámica/transmisión calor, enxeñaría nuclear
- h) Facilitar nivelación en Seguridade e Saúde no Máster en Enxeñaría Minas
- i) Incluír formación en xestión de recursos humanos, equipos de traballo e xestión de proxectos
- j) Revisar a oferta de optatividade
- k) Revisar á asignación de competencias xerais e transversais

## 2. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos:

- a) Limitada formación en software CAD o similar, programación, electrónica, Excel
- b) Intensificar docencia de carácter práctico
- c) Reaxuste de contidos no relativo ao ámbito de explotación de minas
- d) Incluír formación en xestión recursos humanos, equipos de traballo e xestión de proxectos
- e) Reforzar a formación relativa á valorización de residuos e medioambiente
- f) Revisar planificación temporal plan de estudos (troncalidade a especialidade)
- g) Revisar oferta optatividade
- h) Redacción competencias vinculadas ás tecnoloxías.

- Puntos fortes:

1. Multidisciplinidade, polivalencia da formación recibida (persoas egresadas e empregadores)
2. Valoración boa do PDI e do ambiente académico
3. Moi boa valoración do “Módulo Simulación Numérica” no Máster en Enxeñaría de Minas.

- **Grao en Enxeñaría da Enerxía**

Aspectos principais da modificación para o Grao en Enxeñaría da Enerxía:

1. Unir nunha única materia: “Calor e frío” e “Termodinámica e transmisión de calor”
2. Concibir a titulación sen tecnoloxías.
3. Pasar a carga docente de tódalas materias a 6 ECTS, salvo “Operacións...” e “Xeración...”
4. Incluír as seguintes materias como obrigatorias: Informática: Informática para a Enxeñaría, Enxeñaría de sistemas de control, Tecnoloxía electrónica, Seguridade e Saúde, Xestión térmica da enerxía térmica (de 9 a 6 ECTS), Xestión térmica da enerxía eléctrica (de 9 a 6 ECTS) e Tecnoloxías de combustibles alternativos
5. Eliminar as seguintes materias: Xeoloxía, Mecánica de solos, Xeomática, Transmisión de calor aplicada, Enerxía nuclear (quedaría como optativa xeral)
6. En canto ao módulo de optatividade, plantéxase de forma que o alumnado curse tres materias optativas no 7º semestre, a escoller dun conxunto de 7 materias. No 8º teñen que cursar dos materias máis de carácter optativo, a escoller dun conxunto de 4. A oferta de materias optativas concíbese de forma que poden ter diferentes obxectivos:
  - a) especializar en determinado ámbito de enxeñaría da enerxía
  - b) traballar competencias de carácter transversal.

Con este marco se plantexan as materias optativas recollidas no Anexo V.

- **Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos:**

Aspectos principais da modificación do Grao en dos Recursos Mineiros e Enerxéticos:

1. Unir nunha materia “Calor e frío” e “Termodinámica e transmisión de calor”
2. Manter a titulación coas tres tecnoloxías (EM, MM, RECE) e a estrutura do plan (168 OB+48 TEC+12 OPT+12 TFG)
3. Incluír as seguintes materias como obrigatorias: Informática: Informática para a Enxeñaría, Tecnoloxía electrónica
4. Reaxuste da obrigatoriedade:
  - a) Reaxuste a dúas materias de: “Xeomática”, “Xestión de obras e replanteos” e “SIX e ordenación do territorio”
  - b) “Construcción e movemento de terras” (actualmente obrigatoria) pasa á tecnoloxía EM
5. Planificar a troncalidade/especialización (tecnoloxías EM, MM, RECE)
6. Unificar materias

- a) En particular identifícase que as materias “*Concentración de menas*” (da mención “*Enxeñaría de Materiais*”) e “*Mineralurxia*” (da mención “*Explotación de Minas*”), traballan competencias moi similares e resultados de aprendizaxe que se poden unificar. Por tanto, plantéxase unha única materia, denominada “*Procesos de recuperación de menas*”, que debe cursa o alumnado de ambas mencións.
  - b) Outro caso similar é o das materias actuais “*Control de calidade de materiais*” (da mención “*Recursos Enerxéticos, Combustibles e Explosivos*”) e “*Ensaíos e control de calidade de materiais*” (da mención “*Enxeñaría de Materiais*”). Polo mesmo motivo plantéxase unha única materia, a cursar en ambas mencións. Dita materia se denomina “*Control de calidade de materiais*”.
7. Pasar formación ao Máster en Enxeñaría de Minas:
- “*Tecnoloxía de Explotación de Minas*” (tecnoloxía EM)
  - “*Cartografía temática e teledetección*” (tecnoloxía EM)
8. Reaxuste no ámbito da Explotación de Minas:
- a) A materia “*Mecánica de Rochas*”, actualmente materia da tecnoloxía “*Explotación de Minas*”, pasa a ser obrigatoria e a materia “*Obras Subterráneas*”, actualmente materia obrigatoria, pasa a ser materia da tecnoloxía “*Explotación de Minas*”
  - b) Inclúese formación específica relacionada coa xestión de residuos, aspecto este demandado por entes empregadores e entidades do ámbito. A denominación formal da materia é “*Enxeñaría para a xestión, tratamento e valorización de residuos mineiros*”, e se concibe dentro da tecnoloxía “*Explotación de Minas*”.

Ademais, para dar resposta a unha maior optatividade na titulación, plantéxase ampliar a oferta de materias optativas xerais a dúas máis, de forma que o alumnado poida escoller 2 materias nun conxunto de 4.

As dúas novas materias que se inclúen na optatividade de carácter xeral son:

- “*Proxecto colaborativo*”
- “*Deseño Asistido por Ordenador*”.

A inclusión de estas materias responde á demanda en formación de CAD ou similar, e a formación en xestión de recursos humanos e proxectos.

Cabe sinalar que se propón a modificación da denominación de dúas materias e o reaxuste de contidos xa que se identificaron solapes entre ambas; isto xustifica o cambio na denominación para que se axuste mellor aos contidos e resultados de aprendizaxe:

- “*Física: Sistemas Térmicos*” do plan actual pasa a denominarse “*Sistemas Térmicos*”
- “*Calor e frío*” pasa a denominarse “*Transmisión de calor*”.

Finalmente, a Directora agradece o traballo realizado polas persoas participantes nas comisións:

- David Patiño Vilas
- María Araújo Fernández
- Ángeles Domínguez Santiago
- Daniel Villanueva Torres
- Joaquín Martínez Sánchez
- Teresa Rivas Brea
- Marta Cabeza Simó
- Pablo Eguía Oller
- Ana Rodríguez Rodríguez
- Elena Martín Ortega

Agradece tamén as aportacións realizadas polo alumnado, PDI, persoas egresadas, empresas e entidades e informa da proposta de incluír nas comisións a representantes do alumnado, PAS, persoas egresadas e empresas.

En relación aos complementos de formación das persoas egresadas do Grao EE para o acceso ao Máster de Enxeñaría Industrial, a Directora sinala que, de aprobarse a memoria provisional, se remitirá a proposta de modificación do plan de estudos do Grado en EE á EEI, para que esta valore modificar os complementos de formación en base ás modificacións propostas no plan de estudos do grao. En base á información dispoñible, será a Comisión Permanente da EEI o órgano responsable de establecer os complementos de formación para o Máster en Enxeñaría Industrial.

Tras varias preguntas sobre a conveniencia da inclusión de formación en excel, que tamén foi solicitada por algunhas persoas egresadas, a Directora sinala que este tema foi tratado na Comisión de Modificación, e se acordou non incluír esta formación, entendendo que é unha formación á que o alumnado ten acceso de forma extracurricular.

Bienvenido Díez opina sobre a supresión no GEE da materia “*Xeoloxía*”; di que é a única materia na que teñen contacto co medio físico no que van a obter a enerxía; considera que se debe reflexionar sobre esa posible carencia de cara ao seu futuro. Tal vez require un enfoque diferente, cambio de contidos, tal vez nunha materia optativa, distribución dos contidos en varias das materias propostas, e fai mención do futuro da enerxía do mar. Pide que se reflexione sobre isto na comisión. Engade que, na súa opinión, a “*Xeoloxía*” debería ter mais peso ou mais ECTS no GERME.

A Directora respóndelle e comenta que unha posibilidade para mellorar a ensinanza da *Xeoloxía* no Grao ERME podería ser reforzar actividades prácticas de campo, de varios días, tipo campamento e sinala que, en calquera caso, no MUIM habería que engadir “*Xeoloxía*” como materia de nivelación para o estudantado procedente do Grao EE.

Teresa Rivas menciona unha serie de materias nas que, aumentando a coordinación entre o profesorado e as áreas, podería acometerse a incorporación deses contidos.

Carmen Pérez fai un comentario sobre as fichas: indica que nas materias comúns entre os dous graos non coinciden as competencias e deberían ser as mesmas ou case. A Directora di que non teñen porque se iguais, porque hai competencias que se traballan en



diferentes materias en cada plan de estudos. De tódalas formas, a Directora sinala que se revisará a relación de competencias, de forma que sexa coherente.

Tras un breve debate e intervencións a Xunta de Escola aproba, por asentimento, as memorias iniciais propostas para ambos graos.

## 9. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora cede a palabra a Guillermo García, Coordinador de Calidade, que lembra que toda a documentación relativa a este punto da orde do día foi enviada aos membros da Xunta de Escola por email (Anexo VI) e informa que os rexistros correspondentes foron aprobados na Comisión de Garantía Interna de Calidade o pasado vinte e nove de maio. A continuación expón brevemente os rexistros que se someten á aprobación da Xunta de Escola:

- Rexistros do procedemento **PE01 P1 Xestión do persoal**. Foron elaborados pola Administradora do Ámbito Tecnolóxico, Dona Ana M<sup>a</sup> Cacheiro, e recolle:
  - ✓ **R1-PE01 P1 Identificación das necesidades de PAS do centro**. Aínda están pendentes de estudo nas comisións de traballo a inclusión na RPT dunha praza de Coordinador/a de Centros e a solicitude dunha praza de técnico/a superior de laboratorio impulsada pola Dirección do Departamento de Enxeñaría de Recursos Naturais e Medio Ambiente.
  - ✓ **R2-PE01 P1 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro**. Considérase que están ben cubertas.
- Rexistros do procedemento **DO-0205 P1 Xestión da mobilidade**:
  - ✓ **R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado**. Este rexistro resume a mobilidade do alumnado do centro. Faise unha comparativa cos datos do curso anterior, que reflexa un descenso da mobilidade nos graos e un aumento no mestrado.

	Curso 2017-18			Curso 2018-19		
	EE	EE	MUIM	EE	ERME	MUIM
<b>Total alumnado</b>	22	3	0	5	0	3
<b>Porcentaxe total</b>	9,9%	2,8%	0,0%	2,3%	0,0%	11,1%
<b>Porcentaxe Mulleres</b>	16,4%	2,5%	0,0%	3,2%	0,0%	25,0%
<b>Porcentaxe Homes</b>	7,1%	3%	0,0%	2,0%	0,0%	8,7%

- **R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo**. Facendo unha comparativa co curso anterior obsérvase un incremento no número de estudantes que aumentaron de 7 a 15 estudantes.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.



## 10. Rogos e preguntas.

O profesor Bienvenido Díez comenta que o exalumno do centro, Manuel Antonio Juncal Rosales, vai defender a súa tese doutoral na Facultade de Ciencias do Mar o 3 de xuño e pide á dirección que se lle dea difusión no centro.

Daniel Pernas agradece á escola a aportación e a disposición á colaboración con respecto a organización do Foro Tecnolóxico de Emprego.

Jesús Rico pregunta sobre o control que se ten no centro sobre o sistema de calefacción; comenta que moitos días deste curso facía unha calor insoportable no centro por exceso de calefacción e o conseguinte malgaste de enerxía, e roga que se busque unha solución. David Patiño, Subdirector de Infraestruturas, responde que se plantexou á unidade técnica facer un estudio de climatización do centro (inverno / verán), pero que é unha problemática difícil e as iniciativas ensaiadas non deron moito resultado. A dirección recolle o rogo e verá que se pode facer.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 37 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a trinta de maio de dous mil dezanove.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

**ANEXO I**

**Convocatoria de Xunta de Escola do 30/05/2019**

**ANEXO II**

**Asistentes á Xunta de Escola do 30/05/2019**

## **ANEXO III**

### **Memoria económica do ano 2018**

## **ANEXO IV**

**Orzamento para o ano 2019**

## **ANEXO V**

**Memorias iniciais de Modificación dos Títulos de Grao  
e Anexos (Competencias-Materias):**

- a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía**
- b. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e  
Enerxéticos**

## **ANEXO VI**

**Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola  
de Enxeñaría de Minas e Enerxía:**

- a. Rexistros R1 e R2 do Procedemento PE01 P1 Xestión do Persoal**
- b. Rexistros R1 e R2 do Procedemento DO0205 P1 Xestión da Mobilidade**